

I EDICIÓN VIGO EN MARCHA CONTRA O CANCRO – 2026

1. PRESENTACIÓN:

A **Asociación Española Contra o Cancro en Vigo** organiza o domingo 18 de outubro de 2026, ás 10:00 horas, a I edición da marcha/proba deportiva "Vigo en marcha contra o cancro" a beneficio desta entidade e coa finalidade de apoiar a investigación contra o cancro.

A saída estará situada diante da sede da Asociación Española Contra o Cancro en Vigo, a altura da rúa Venezuela 34 e o percorrido constará de tres modalidades:

- **Andaina:** distancia de 5 km. Saída ás 11:15 horas.
- **Carreira 5K:** non competitiva. Saída ás 11:15 horas.
- **Carreira 10K:** competitiva. Saída ás 10h.

A chegada será no mesmo lugar da saída.

2. CARACTERÍSTICAS:

A Asociación Española Contra o Cancro en Vigo organiza esta marcha/proba deportiva co fin de destinar o recadado a financiar todos os programas gratuitos de Prevención, Atención Psicolóxica e Social, Logopedia, Fisioterapia e Exercicio Físico Oncolóxico, acompañamento a pacientes e familiares, ademais de a fomentar e apoiar proxectos de INVESTIGACIÓN en cancro. Actualmente a Asociación é a entidade social e privada que máis fondos destina a investigación oncolóxica en España.

- **Andaina e Carreira 5K:** esta proba ten carácter lúdico-deportivo e non competitivo. Está aberta a todas aquelas persoas que queiran colaborar coa Asociación Española Contra o Cancro.
- **A Carreira de 10K:** é de carácter competitivo e está aberta á participación de persoas maiores de 16 anos.

3. REGULAMENTO:

3.1. - Data e hora

Celebrarase o domingo **18 de outubro, coas seguintes horas de saída:**

- **10:00hrs. → Carreira 10K (competitiva)**
Os participantes que corran nesta proba terán 60 minutos para completala. As persoas deberán dirixirse á zona dos arcos de meta/saída ás 09:45hrs. (quinze minutos antes da saída).
- **11:15hrs. → Andaina e Carreira 5K**
Os participantes que fagan a carreira deberán poñerse nas primeiras filas, e en segundo lugar os participantes que vaian realizar a proba andando, así como aquelas persoas que por motivo dalgunha limitación de mobilidade

As persoas deberán estar preparadas ás 11hrs. (quince minutos antes da saída).

3.2.- Entrega de dorsais e camisetas

- **Venres 16 de outubro:** de 17:00 horas a 21:00 horas.
- **Sábado 17 de outubro:** de 10:00 horas a 21:00 horas.

A asignación dos dorsais realizarase por orde de inscrición. **No caso de que a talla de camiseta solicitada se esgote, entregaráselle ao/á participante outra talla dispoñible**, segundo a súa elección.

A proba consta dun percorrido de 5 km, que no caso da modalidade de 10 km se completará dando dúas voltas ao mesmo circuito. **Só a carreira de 10 km é competitiva, e a idade mínima de participación para esta distancia é de 16 anos.**



SAÍDA: rúa Venezuela á altura do número 34 - rúa Pizarro - Travesía de Vigo - Vía Norte - Urzaiz - rúa do Príncipe - Porta do sol - Elduayen - Paseo de Alfonso XII - Falperra - Cachamuíña - Ronda don Bosco - Enrique Blein Budiño- Venezuela ata o punto de saída.

4. INSCRICIÓN:

Toda a recadación da marcha destinarase **ao financiamento de proxectos de investigación oncolóxica e servizos gratuitos** para pacientes oncolóxicos e familiares.

ADULTO:

- **Inscripción adulto ANDAINA (17 anos en diante):** 10€ con camiseta sublimada.
- **Inscripción adulto CARREIRA 5k:** 10€ con camiseta sublimada.
- **Inscripción adulto CARREIRA 10K (16 anos en diante):** 13€ con camiseta sublimada.

NENOS/AS:

- **Inscripción nenos/as de 4 a 16 anos ANDAINA:** 8€ con camiseta sublimada.
- **Inscripción nenos/as de 4 a 16 anos CARREIRA 5K:** 8€ con camiseta sublimada.
- **Inscripción nenos/as 0 a 3 anos:** de balde (non inclúe camiseta).

*se se esgotan as existencias da talla de camiseta solicitada, entregaráselle outra talla elixida polo/a participante.

Poderase formalizar a inscrición por calquera dos seguintes modos:

- A través da web: <https://magmasports.es/es/eventos>
- Na sede da Asociación en Vigo (Rúa Venezuela, 34, baixo, 36203 Vigo)
- Na planta 4ª de Deportes El Corte Inglés Vigo.
- Nas mesas que a delegación da Asociación Española Contra o Cancro situará nas rúas de Vigo.

O límite de participación será de 4.700 participantes.

As **INSCRICIÓN EN LIÑA PECHARANSE o mércores 14 de outubro** ás 23:59 ou ata completar a cota de 4.700 participantes.

As **INSCRICIÓN PRESENCIAIS PECHARANSE o xoves 15 de outubro.**

Existe un **DORSAL SOLIDARIO** para que todas as persoas que non podan participar na marcha poidan realizar unha achega económica á conta da Asociación Española

Contra o Cancro da entidade Abanca cuxo número é o ES76 2080 5401 5430 4020 3035 ou a través da pasarela de inscricións: <https://magmasports.es/es/eventos>

5. CATEGORÍAS PARA A MODALIDADE COMPETITIVA DE 10K:

Femeninas	Masculinas	Ano nacemento
F-0	M-0	Entre 2007-2011 (ambos incluídos)
F-1	M-1	Entre 1987-2006 (ambos incluídos)
F-2	M-2	Entre 1977-1986 (ambos incluídos)
F-3	M-3	Entre 1967-1976 (ambos incluídos)
F-4	M-4	Entre 1962-1966 (ambos incluídos)
F-5	M-5	1961 ou anteriores

6. ASISTENCIA MÉDICA:

A organización facilitará un servizo de ambulancia e de asistencia médica e sanitaria durante a carreira, desde o inicio da proba e até media hora despois de pecharse o control de chegada, así como ao longo de todo o percorrido. Non se permitirá, durante o percorrido, ningún vehículo alleo á organización.

7. CRONOMETRAXE CARREIRA 10K:

O sistema de cronometraxe será facilitado por "Magma Sports" establecendo como puntos de control a saída e a meta.

Os resultados oficiais publicaranse na páxina web www.magmasports.es, non estando autorizado ningún medio a difundilos sen a previa e expresa autorización da organización.

8. SEGURO E RESPONSABILIDADE CIVIL:

Todas as persoas participantes estarán amparadas por unha póliza de responsabilidade civil e de accidentes deportivos, excluíndose os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou incumprimento das normas e leis aplicables, así como calquera outra circunstancia que figure como excluída. Tamén quedan excluídos os posibles accidentes ocorridos durante os desprazamentos.

As persoas participantes aceptan formar parte da carreira baixo a súa exclusiva responsabilidade e risco propio. No momento da inscrición, a persoa participante manifesta atoparse fisicamente apta para completar o percorrido da proba. A organización declina toda responsabilidade polos danos que as persoas participantes poidan ocasionar durante a proba, ocasionarse a si mesmas ou causar a terceiros.

9. AVITUALLAMENTO:

Á chegada á Meta ofrecerase a todas as persoas participantes, independentemente do percorrido que rematasen, un avituallamento a base de froita e bebida.

10. PROTECCIÓN DE DATOS

Ao inscribirse, as persoas participantes dan o seu consentimento para que a Organización e os patrocinadores principais da "I edición Vigo en marcha contra o cancro", por si mesmos ou mediante terceiros, traten de forma automatizada e con finalidade exclusivamente deportiva, promocional ou comercial, os seus datos de carácter persoal. De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, a persoa participante ten dereito a acceder a estes ficheiros co obxecto de rectificar ou cancelar total ou parcialmente o seu contido. Para iso deberá solicitalo mediante correo electrónico á dirección info@magmasports.es.

Así mesmo, e de acordo cos intereses deportivos, de promoción, difusión e explotación da "I edición Vigo en marcha contra o cancro", as persoas inscritas autorizan de maneira expresa e sen límite temporal a Organización ao uso publicitario de fotografías, vídeos e calquera outro tipo de material fotográfico ou audiovisual no que puidesen aparecer, aceptando tamén a publicación do seu nome na clasificación da proba, nos medios de comunicación, cine e/ou Internet, sen esperar ningún tipo de retribución por este concepto.

